



Concello de
OURENSE

OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 19 de novembro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

27.- Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e Cruz Roja Española para o desenvolvemento de accións encaminadas á atención urxente das necesidades básicas, servizo de acollida e atención inmediata a persoas vulnerables 2025. Expte: 2025037177.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e Cruz Roja Española con CIF Q2866001G e cos Códigos CSV: 39F48488F7MX1795 e 7ZDC59LX0PZ6V7WN segundo se trate, respectivamente, da versión do convenio en castelán ou galego, para o financiamento do Proxecto da Actividade “Acollida e atención inmediata a persoas vulnerables” no Concello de Ourense, consonte á subvención nominativa recollida no vixente orzamento municipal.

2.- Aprobar e dispoñer o gasto a favor de Cruz Roja Española co CIF Q2866001G, por importe de 50.000,00 € (cincuenta mil euros) con cargo á partida 260.2318.48960 do orzamento municipal vixente (RC 202500050249).

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

4.- Notifíquese aos interesados, e déase traslado á Tesoureira municipal, para os efectos contables oportunos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid

